

Artigo 1º

Modifícase o artigo 9.1º da Orde do 13 de marzo de 2009 pola que se regula o réxime de concesión de subvencións aos concellos de Galicia de menos de 10.000 habitantes para o desenvolvemento de actividades deportivas no ano 2009, e se procede á súa convocatoria, quedando co seguinte teor literal:

«Os beneficiarios das axudas deberán solicitar o aboamento da axuda concedida no momento en que se teña realizado o proxecto presentado e unha vez xustificada a súa realización. En calquera caso, o prazo máximo para a presentación da citada xustificación e a petición de aboamento da axuda será o 1 de novembro de 2009».

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2009.

José Ramón Lete Lasa
Secretario xeral para o Deporte

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

Orde do 29 de setembro de 2009, de modificación do artigo 17 do anexo I da orde da Consellería de Innovación e Industria, do 31 de decembro de 2008 (Diario Oficial de Galicia do 17 de febreiro de 2009), pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións aos/ás titulares de obradoiros artesanais para actuacións de fomento e desenvolvemento do sector artesanal galego, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009. (Código de procedemento IN201G).

Pola Orde do 31 de decembro de 2008 aprobáronse as bases reguladoras para a concesión das subvencións aos/ás titulares de obradoiros artesanais para actuacións de fomento e desenvolvemento do sector artesanal galego, en réxime de concorrencia competitiva, e procedeuse á súa convocatoria para o ano 2009.

No artigo 17.1º da devandita orde establécese que as subvencións concedidas se farán efectivas unha vez que o beneficiario presente a documentación acreditativa do investimento obxecto da subvención, tendo de prazo para presentala ata o 31 de outubro de 2009, inclusive.

Tendo en conta o atraso producido na resolución da devandita axuda, motivado polo volume de solicitudes presentadas e polo longo proceso de avaliación, e co fin de viabilizar os procesos de xestión e dado que non se causa prexuízo a terceiros, procede modificar o devandito precepto.

Na súa virtude, facendo uso das facultades que me confiren os artigos 38, 43.3º e 44 da Lei 1/1983, do

22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, e demais disposicións de xeral aplicación,

DISPOÑO:

Artigo único.-Modificación do artigo 17 do anexo I da orde da Consellería de Innovación e Industria, do 31 de decembro de 2008, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións aos/ás titulares de obradoiros artesanais para actuacións de fomento e desenvolvemento do sector artesanal galego, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009 (código de procedemento IN201G).

O primeiro parágrafo do número 1º do artigo 17 do anexo I da referida orde queda redactado nos seguintes termos:

«1. Para cobrar a subvención, o beneficiario presentará no respectivo departamento territorial ou nos servizos centrais da Consellería de Economía e Industria, ou a través dalgunha das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a documentación xustificativa da realización do investimento que fose obxecto de subvención, tendo de prazo ata o 5 de decembro de 2009, inclusive. (...)»

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2009.

Javier Guerra Fernández
Conselleiro de Economía e Industria

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

Corrección de erros.-Orde do 23 de setembro de 2009 pola que se aproba a convocatoria de subvencións para o financiamento de plans de formación intersectoriais dirixidos prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas mediante a subscrición de convenios de ámbito autonómico, en aplicación da Orde TAS/718/2008, do 7 de marzo, pola que se desenvolve o Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego, en materia de formación de oferta e se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas destinadas ao seu financiamento.

Advertidos erros na antedita orde, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 192, do mércores 30 de